



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 30 DE MAIO DE 2024

ASISTENTES

ALCALDE

Ana M^a López Fernández

CONCELLEIROS/AS GRUPO P.P

Miguel A. Pérez Fraguela

Laura García Ruíz

Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar

Jonathan I. Miranda Lucas

GRUPO BNG:

Pablo Fraguela Casás

Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTE

Carmen del Río Fraguela

Miriam Rodríguez

Fernández

Carlos Castro Durán

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día trinta de maio de dous mil vinte e catro, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.



ORDE DO DIA:

1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG: PABLO FRAGUELA CASÁS (EXDPTE 2023/X999/000032)

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 05/04/2024 E 13/05/2024.

3.- DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓ ORDINARIA: DO 123/2024 DE 02/04/2024 ATA O 210/2024, DE 24/05/2024.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓ DO REGULAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓ Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARIÑO (EXPDTE 2024/G013/000001)

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓ ORZAMENTARIA 8/2024 (EXPDTE 2024/T002/000008)

6º.- MOCIÓNS

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....

1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓ DO CONCELLEIRO DO BNG: PABLO FRAGUELA CASÁS (EXDPTE 2023/X999/000032)

Procédese á toma de posesiÓ como concelleiro do grupo municipal do BNG por parte de Pablo Fraguela Casás, que presta xuramento no presente acto do seu cargo, a



**CONCELLO
DE CARIÑO**



través da seguinte fórmula: *“Comprométome a defender os intereses xerais de Cariño e do pobo galego. Prometo, pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, e por imperativo legal con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

A Alcaldesa dalle a benvida ao novo concelleiro e desexa que teñan bo traballo.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 05/04/2024 E 13/05/2024

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 05/04/2024, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Nuria Oliveira comenta que no cuarto parágrafo da páxina 24 da acta que existe un erro, xa que deberá dicir *“2.- Di que están a recibir queixas da estrada da Murela” (e non da Miranda)*.

Coa corrección anterior, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de Miguel A. Pérez Fraguela por non asistir á mesma.

A continuación procédese á votación da acta da sesión de 13/05/2024, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes, coas abstencións de Miguel A. Pérez Fraguela e Nuria Oliveira Álvarez, por non asistir á mesma.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 123/2024 DE 02/04/2024 ATA O 210/2024, DE 24/05/2024.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.



4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARIÑO (EXPDTE 2024/G013/000001).

Visto o ditame da C.I. Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado, de data 27/05/2024, que di:

Visto o requirimento realizado pola Consellería de Política social para modificar o Regulamento do Punto de Atención á Infancia deste Concello, co obxecto de adaptalo ao principio de gratuidade

Vista a providencia de Alcaldía de data 26/04/2024 de inicio de procedemento.

Visto o borrador da modificación do Regulamento do Punto de Atención á Infancia deste Concello, asinada pola Traballadora Social en data 30/04/2024

Visto o informe de Secretaría de data 30/04/2024.

Non suscitándose debate, a C.I. de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte DITAME:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



A Alcaldesa explica que este punto se trata de unha proposta que se levou á Comisión Informativa, e que supón unha regularización da normativa que establece a Xunta de Galicia para o Punto de Atención á Infancia.

Nuria Oliveira comenta que van a votar a favor xa que están de acordo coa modificación para axustar o regulamento á normativa vixente.

José M. Alonso di que eles tamén votarán a favor e pregunta se o PAI se abrirá o mes de agosto, xa que ata agora non se abría, e iso vai a supoñer maior gasto para o Concello, e cómo se vai a alternar o persoal.

Laura García dille que hai que valorar o tema, e mirar se se necesita máis persoal, pero que en un principio se vai a abrir o mes de agosto.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e tableiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 8/2024 (EXPDTE 2024/T002/000008)

Visto o ditame da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio, de data 27/05/2024, que establece:

A modificación de crédito que é preciso tramitar é unha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, para dotar de crédito suficiente as partidas especificadas a continuación, que possibiliten a tramitación dos expedientes de gasto necesarios.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 22/05/2024, o Informe da Intervención municipal da mesma data que consta no expediente e tendo en conta o disposto no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 e 40 do RD 500/1990, de 20 de abril, a Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito 8/2024 entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de 43.000 euros de acordo co seguinte:*

PARTIDAS QUE CEDEN CREDITO	C O N C E P T O	IMPORTE
920,12000	Administración xeral. Sueldos básicos.	23000
920,16000	Administración xeral. Seguridade Social	20000
	TOTAL.....	43000
PARRTIDAS QUE RECIBEN CRÉDITO	C O N C E P T O	IMPORTE



165,22100	Alumbrado Público. Enerxia Eléctrica.	43000
	TOTAL.....	43000

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

A Alcaldesa explica que se trata de unha modificación orzamentaria para complementar os gastos que se producen de electricidade.

Nuria Oliveira di que agardan que este ano poidan estar os novos orzamentos para non ter que mover cartos sempre, e que ese diñeiro estaba destinado para gastos de persoal que se destine a iso.

Ana M^a López dille que están mirando como incrementar o persoal porque houbo unha merma importante, que se estiveron poñendo os cargos con contratos definitivos e que van a tratar de incrementar o persoal progresivamente, e que tamén están a procurar adaptar os gastos, como no ámbito de atención aos maiores, xa que leva moitos cartos ao Concello.

José M. Alonso que eles entenden que os orzamentos son un documento vivo, e que ao longo do ano fan falla cartos como nunha casa. Engade que o gasto de persoal, unha vez que se vai superando a Lei de racionalización do gasto do ano 2013, que



supuxo unha dificultade para todos os Concellos, xa que non se podía suplir a taxa de reposición de efectivos.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito 8/2024 entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de 43.000 euros de acordo co seguinte:

PARTIDAS QUE CEDEN CREDITO	C O N C E P T O	IMPORT E
920,12000	Administración xeral. Sueldos básicos.	23000
920,16000	Administración xeral. Seguridade Social	20000
	TOTAL.....	43000
PARRTIDAS QUE RECIBEN CRÉDITO	C O N C E P T O	IMPORT E
165,22100	Alumbrado Público. Energia Eléctrica.	43000
	TOTAL.....	43000

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.



**CONCELLO
DE CARIÑO**



TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

6º.- MOCIÓNS

Non se trata ningunha moción no presente Pleno.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Nuria Oliveira realiza as seguintes PREGUNTAS:

1.- Pregunta polas axudas para actividades deportivas e culturais, e para as asociacións, se se van a conceder este ano.

Laura García dille que de momento non poden contestar a iso, xa que están a mirar os orzamentos.

A Alcaldesa di que hai que ver ata que punto se poden conceder as axudas, pero que non se descarta non dalas.

2.- Pregunta se se solicitou a subvención para a insonorización da biblioteca, cuxo prazo remataba o 22 de abril.

A Alcaldesa comenta que non era para insonorización da biblioteca, que era para equipos audiovisuais. Di que non a puideron solicitar xa que a subvención esixía ter un técnico de sala e que o Concello non o ten. Que se necesitaba ese requisito mínimo que non se cumpría.



Laura García que moitas veces non se poden solicitar todas as subvencións.

3.- Pregunta se se van a amañar os valos do parque infantil do cobertizo.

Alberto Balado dille que para a semana se vai a montar o tobogán.

Ana M^a López di que os valos que se atopan no paseo de madeira que é difícil reparalos, xa que son moitas táboas, pero que é importante que a xente saiba que non se pode pasar por alí.

4.- Pregunta polo problema da auga de Feás e Landoi.

A Alcaldesa explica que se fixo unha purga das canalizacións, e que se puxo unha boca de rego no final dos tramos, e que con esa purga que se soluciona o tema dos trialometanos. E que agora están a agardar a que chegue a última analítica, e que os resultados sexan bos.

5.- Pregunta se comezaron os trámites para a retirada das cruces dos Caídos.

A Alcaldesa comenta que chegou ao Concello unha resolución do obispado que daba autorización para sacar as pezas, pero que as ten que sacar a propia igrexa.

6.- Pregunta polos socorristas do verán.

Laura García explica que o problema é que non hai xente con titulación e os socorristas que hai que se van a traballar ás empresas privadas porque cobran máis. Engade que este ano sí se pode sacar o servizo mediante empresa privada, e que espera que se poida cubrir, xa que o ano pasado o procedemento de selección de contratación de persoal quedou deserto. E que agora se fixo un curso para socorristas en Ortigueira.



Pablo Fraguela toma a palabra, e pregunta se o prezo vai a ser o mesmo que no caso de que fose unha contratación pública, de persoal laboral xa que non se explica como a empresa privada lle paga máis a un socorrista que unha Administración pública.

A Alcaldesa di que hai unha subvención da Xunta de Galicia e que se hai que adaptar a ela.

Laura García dille a Pablo Fraguela que se pode contratar por empresa privada ou mediante contratación pública.

Pablo Fraguela di que á cidadanía lle vai saír máis caro, que pagándolle o salario aos socorristas dende o Concello.

Laura García comenta que a ela tamén lle sorprende esa situación.

Pablo Fraguela pregunta porqué non se ofrece ese mesmo prezo dende o Concello.

Laura García explica que o debate non é empresa privada ou pública, que o tema é que as prazas non se cubren pola vía da contratación laboral, e que o ano pasado as cinco prazas que se sacaron que quedaron desertas.

Pablo Fraguela comenta que sería ofrecer mellores subvencións dende o Concello, pero que entende que é algo alleo a elas, xa que é a Xunta de Galicia quen lle está a dar os cartos á empresa privada.

7.- Nuria Oliveira pregunta se tiveron reunión co presidente da Deputación polo tema do arranxo do tellado do polideportivo.



A Alcadesa comenta que lle pediu cita o día que tivo a reunión do Xeoparque, e que quedou en concertar unha cita.

A continuación Nuria Oliveira realiza os seguintes ROGOS:

1.- Rogan que en relación co problema dos gatos que existe en Cariño, que consulten o artigo 39 da Lei de Benestar animal, xa que como administración local teñen unhas obrigas que non se están a cumprir. Rogan que haxa colonias controladas municipais.

Ana M^a López comenta que na rúa non se pode dar de comer aos animais, xa que outra cousa distinta son os animais que cada un teña na súa casa, pero que ela non lle da de comer aos gatos que se atopan arredor da súa casa. E que a xente ten que ser consciente dese tema.

Nuria Oliveira insiste en que debe existir un maior control por parte do Concello.

Pablo Fraguela comenta que non se pode trasladar á cidadanía un tema que é responsabilidade do Concello, xa que a obriga está establecida por unha lei estatal.

Ana M^a López dille que tamén hai unha normativa municipal que prohibe darlle de comer aos animais na rúa.

Pablo Fraguela di que é responsabilidade dos Concellos esterilizar os animais, que o debate é que esa poboación require un control por parte do Concello para que eses animais non sufran.

Laura García comenta que o problema é que tamén existen outros temas municipais importantes, que as arcas están como están, que se trata de un tema importante, pero que tamén supón un custo importante para o Concello.

Pablo Fraguela dille que o Concello está a pagar cousas que son competencias da Xunta de Galicia, pero que temas que son obrigas do Concello que non se están a pagar.



Nuria Oliviera comenta que hai subvencións para os Concellos, para estes temas.

2.- Rogan que se pinten as prazas de aparcamento que están fronte aos taxis, na rúa San Xiao.

3.- Rogan que se abran os baños do aparcamento da praia de Fornos.

A Alcaldesa di que se mirarán cando se fagan as labores de mantemento a principio do verán, xa que pensa que levan anos sen abrirse eses baños.

José M. Alonso preguntalle cómo fai que non vai aos baños da praia de Fornos.

A Alcaldesa dille que vai á praia pero non aos baños.

José M. insiste en que os baños estiveron sempre abertos.

4.- Rogan que se roce a herba polas parroquias e que se leve a cabo a limpeza das praias.

A Alcaldesa di que o servizo de limpeza de praias está en proceso de licitación. Que o problema do desbroce é que non hai persoal suficiente.

Laura García explica que van a comezar tres operarios para limpeza de praias, e que se fixeron estes meses moitos traballos nas rúas que se ven, a maiores dos necesarios.

Pregúntalle Nuria Oliveira qué melloras se fixeron estes meses.

Resposta Laura García que se fixeron desbroces, instalación de papeleiras, melloras nos baños do paseo marítimo, limpeza de pintadas no cobertizo, etc...e que iso se ve polos cidadáns.

A continuación toma a palabra o concelleiro Alonso Pumar.



Di que o tema dos socorristas resulta complexo, que niso ten razón Laura García. Explica que eles o ano pasado, que deixaron solicitado e non se cubriron as prazas dende o Inem. Que o que hai é unha inflacción por parte das empresas, que a Xunta de Galicia saca a subvención sabendo que as prazas non se poden cubrir.

Jonathan Miranda di que a resolución da subvención que viña a finais de xullo, e que daquela xa non había persoal. Que había que pedir que a Xunta resolvera o tema en xaneiro ou febreiro, e que todas as veces anteriores que houbo que acudir ao servizo dunha empresa e que en certo modo se sinte un coaccionado.

José Miguel Alonso fala do tema da Lei de protección animal, dicindo que é unha lei máis proteccionista cos animais. E que se trata de un tema complicado para os Concellos pequenos, que non teñen medios para atender as colonias felinas, e que se trata dunha obriga municipal. Indica que os gatos non son animais salvaxes, e que a xente os deixa na rúa. Que os gatos da rúa son animais domésticos asilvestrados, e que unha posibilidade sería intentar mancomunar o servizo con varios Concellos, xa que por exemplo, Cedeira está incluída na mancomunidade de Ferrolterra. Comenta que a canceira de Ferrol que se atopa saturada.

Acto seguido, José M. Alonso formula as seguintes PREGUNTAS:

1.- Pregúntalle á Alcaldesa se tivo algunha reunión co Director xeral de Costas.

A Alcaldesa explica que o luns pasado que se tratou o problema do tendido eléctrico por unha tala de árbores de San Xiao. E que pediron que ese tendido revirta no Concello.

José M. Alonso dille que lle está preguntando polo Director Xeral de Costas non o de Portos, que son dous entes distintos.

Ana M^a López dille que ela estivo co de Portos de Ferrol, que co de Costas non estivo.



José M. Alonso que eles xa pediron anteriormente que se cederan os terreos e dar a posibilidade de que no lugar de San Xiao poida haber electricidade. Pregunta se se piden os terreos de paso do tendido.

A Alcaldesa resposta que se pide que o tendido pase para o Concello, que alí existen varias vivendas que se poden rehabilitar e que se trata de un chamamento importante para investir alí.

José M. Alonso explica que eles falaran co Director de Gas Natural Galicia, que fixeron un proxecto gratuito, e que pedían que ese proxecto o financiara o Concello, pero que era moi costoso, arredor de 200.000 euros, e que nese momento optaron por outra vía.

2.- Comenta que na rúa do Campo e noutras rúas se puxeron pivotes, pregunta se hai informes da Policía local.

A Alcaldesa resposta afirmativamente.

Pregunta Alonso Pumar se neses informes se establecían criterios para regular a altura.

Alberto Balado resposta que non.

Ana M^a López explica que na rúa do Campo se puxeron porque se poñían moitas multas.

3.- Pregunta polo tema dos orzamentos. Comenta que o ano pasado falaron de facer o orzamento, que nos últimos plenos xa dixeron que non, e que agora Laura García dí que sí se van a facer.

A Alcaldesa dille que están intentando facelos, que están estudando o tema.



José M. Alonso explica que os orzamentos hai que facelos cada ano e senón traballar con eles prorrogados; e que en relación coas axudas ás que facía referencia o grupo do BNG, que hai unha partida que se prorroga todos os anos.

4.- Pregunta en que estado se atopa a tramitación do Pepri.

A Alcaldesa di que é un tema que está pendente en Urbanismo, que o leva a arquitecta.

José M. Alonso comenta que quedou redactado un decreto por Secretaría, e pregunta porqué non se notificou. Cre que é máis barato meter na nómina un complemento a algún funcionario, que enviar arredor de 700 cartas certificadas. Insiste na importancia do proxecto que serve para rehabilitar todo o pobo, e que lle sorprende que leve un ano parado, e que non entende como non se mandan as cartas.

A Alcaldesa indica que as funcionarias teñen outras cargas de traballo, e Jonathan Miranda dille que é ela quen prioriza o traballo.

Comenta José M. Alonso que hai axudas que se poderían aplicar se o Pepri estivera aprobado.

A Alcaldesa di que o Pepri supón moitos cartos, e que se non hai un orzamento que resulta custoso. Que son unha Corporación que miran de non gastar e que tratan de recuperar moitas cousas que hai no Concello e que as usan.

José M. Alonso dille que as licenzas de obra deixan cartos para o Concello.

5.- Fala da nota de prensa na que a Alcaldesa falaba de que ía loitar contra as vivendas turísticas, e quere saber a súa posición con respecto ao tema.

A Alcaldesa contesta que ela non dixo iso exactamente. Que a súa posición é que eses apartamentos teñen que cumprir igual que outro tipo de negocios, pero que non está



**CONCELLO
DE CARIÑO**



en contra. Que se no resto de Concellos se está a poñer que se regularice como negocio e non como vivenda habitual, é dicir, que se está a mirar que eses apartamentos paguen como negocios. Insiste que non está en contra.

6.- Pregunta polo estado do PXOM.

A Alcaldesa dille que non o miraron, que servizos técnicos está co tema.

José M. Alonso comenta que se o PXOM se aprobase, que o Concello non tería que gastar un euro en tendido eléctrico, en núcleos como San Xiao ou A Vacariza. Que a lei di que as empresas de subministro eléctrico teñen que facer a instalación, e non o Concello, pero que ten que ser núcleo.

7.- José M. Alonso di que a compañeira do BNG preguntaba polas subvencións nominativas das cubertas do polideportivo, pero que tamén ía a da casa da cultura. Que lle lembra que a tramitación documental que está feita e que tamén os requirimentos por parte da Deputación.

Ana M^a López dille que os permisos xa os teñen.

José M. Alonso comenta que a Deputación comezou a solicitar documentación e que a Alcaldesa di que non hai problema. Insiste en preguntar cómo está o tema das subvencións nominativas.

A Alcaldesa di que ten que falar co presidente da Deputación.

José M. Alonso insiste que iso xa está a nivel documental e a Alcaldesa di que a ela ningún lle confirmou eses convenios.

8.- Pregunta polo estado da obra de de demolición da nave de Doutor Soneira.

A Alcaldesa dille que xa está licitada, e que hoxe chegou o permiso de Augas de Galicia.



José M. Alonso dille que está descolocado, que viron un documento asinado en abril que adxudicaba a obra, e cos tres meses de execución da mesma, que tería que estar rematada en xuño, pregunta como é posible que veñan os permisos despois de adxudicada a obra; porque se a obra se licitou sen os permisos a Secretaria incorrería nun delito.

A Alcadesa dille que o permiso xa estaba, que o que chegou foi a taxa.

9.- Indica que a obra da rúa Sanchola que quedou deserta, e pregunta se non se volveu a licitar.

Toma a palabra a Secretaria, e indica que hai que facer un modificado do proxecto.

10.- Indica José M. Alonso que non se soben as analíticas dende o mes de marzo. E que tamén viron que se caera a web de Nordeste pero que está rehabilitada outra vez.

Laura García di que o técnico de medio ambiente lle pasa as analíticas cando están completas, pero que iso tarda tempo, que remata o mes, e que manda o mes completo.

11.- Pregunta se está licitada a obra da instalación eléctrica da casa da cultura.

A Secretaria di que está en proceso de licitación.

12.- Pregunta polas obras da reparación de filtros na Etap.

A Alcadesa explica que a primeira liña está a pleno rendemento e que agora a empresa está coa segunda liña, e que o técnico lle comentou que decidiron levar os tanques para o taller.

13.- Indica que con respecto á subida de taxas, que quedaron de facer un grupo para reunirse. Explica que o Concello ten unha ordenanza de prezos públicos do ano 2016, e que o equipo de goberno trouxo ese incremento de prezo público das



actividades ao Pleno e que non chegaron a un acordo, polo que acordaron en crear un grupo cos membros da oposición e reunirse. Pero que lles sorprende, que outros prezos se incrementaran sen pasar polo Pleno, xa que a subida de produtos do local social se aprobou a través da xunta de goberno.

Pregúntalle á Alcaldesa se as actividades se regulan mediante prezo público.

Laura García toma a a palabra, e di que ela entende que sí, pero que lles din que o hai que levar a Pleno.

A Alcaldesa comenta que como é algo que ten que repercutir en todos os gobernos, que cre que o incremento ten que ser paulatino, e que o criterio ten que ser consensuado entre todos.

José M. Alonso di que lles sorprende a subida de prezos do bar a través de acordo de Xunta de Goberno, e que se fixera de forma unilateral.

Laura García dille que o tema das actividades que ten que pasar por Pleno, e que as cousas non poden estar baixo custe.

A Alcaldesa di que unha cousa son as actividades e outra distinta os prezos do bar.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e dez minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana Mª Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

CVD: DLh5hx68wEhrJGC7Wkd7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

